Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión ordinaria do 13 de decembro de 2018**

| ASISTENTES: | NON ASISTEN: |
|---|---|
| **Membros :** | |
| D. Francisco Javier Pardo Espiñeira. | D. Abel Caballero Álvarez. |
| D. Carlos López Font. | Dª Mª. Carmen Silva Rego. |
| Mª José Caride Estévez. | Dª. Mª. Isaura Abelairas Rodríguez. |
| Dª. Olga Alonso Suárez. | D. Jaime Aneiros Pereira. |
| Dª. Nuria Rodríguez Rodríguez. | D. Cayetano Rodríguez Escudero |

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trece de decembro de dous mil dezaoito e baixo a presidencia do segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, segundo Resolución de Alcaldía do 10/12/18, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1446).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 29 de novembro e extraordinaria e urxente do 30 de novembro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde–presidente.

**2(1447).- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE NOVEMBRO DO ANO 2018. EXPTE. 8895/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 03/12/18, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de novembro do ano 2018.

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicataria/o | Aplicación orzamentaria | Data Decreto | Importe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 8757-224 | CMSE | Realización e producción video documental dos 25 anos do Consello Municipal da Muller | Xixela Franco Costas | 23112279906 | 05/11/18 | 7.610,00€ |
| 8754-224 | CMSE | Representación peza teatral no Auditorio Municipal | Marta Pérez Alonso | 23112279906 | 07/11/18 | 3.082,08 € |
| 8777-224 | CMSE | Organización do evento “Enlaza Vigo Contra a Violencia de Xénero” | Xermolo Dinamización Sociocultural SL | 23112279906 | 13/11/18 | 18.137,90 € |
| 8842-224 | CMSE | Servizo de megafonía nos actos do “25 de novembro” | Sonido Collazo SL | 23112279906 | 21/11/18 | 605,00 € |
| 8783-224 | CMSE | Traslado do alumnado actos contra a Violencia de Xénero” | Empresa Miño SL | 23112279906 | 21/11/18 | 5.494,50 € |
| 8877-224 | CMSE | Cobertura cunha ambulancia medicalizada acto contra a Violencia de Xénero | Ambulancias Rías Baixas SL | 23112279906 | 22/11/18 | 750,00 € |
| 8784-224 | CMSE | Sonorización no acto do día internacional contra a violencia de xénero | Sonido Collazo SL | 23112279906 | 23/11/18 | 3.146,00 € |
| 8873-224 | CMSE | Campaña institucional de cuñas Contra a Violencia de Xénero | Radio Vigo SA | 23112260200 | 23/11/18 | 8.294,55 € |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**3(1448).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR ANO 2018(5ª). EXPTE.102683/140.**

Visto o informe de fiscalización do 3/12/18, dáse conta do informe-proposta do 04/12/18, asinado pola xefa de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Concello de Vigo

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustifica-do* | *Data de paga-mento* | *Data Real xustica-ción* | *Data legal de xustifica ción* | *Reintegro* | *S/ a favor* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ABALDE COMESAÑA RAQUEL | 201800070455 | 9120.2260100 | 2.000,00 | 2.262,48 | 27/08/18 | 17/10/18 | 27/11/18 | 0,00 | 262,48 |
| BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ | 201800053439 | 9200.2260300 | 3.000,00 | 2.079,67 | 18/06/18 | 08/11/18 | 18/09/18 | 920,33 | 0,00 |
| ESPADA RECAREY LUIS | 201800058351 | 9250.2230000 | 700,00 | 62,48 | 09/07/18 | 16/10/18 | 09/10/18 | 637,52 | 0,00 |
| ESPADA RECAREY LUIS | 201800072248 | 9250.2200100 | 500,00 | 447,30 | 06/09/18 | 27/09/18 | 06/12/18 | 52,70 | 0,00 |
| ESPADA RECAREY LUIS | 201800072249 | 9250.2200000 | 500,00 | 23,40 | 06/09/18 | 08/11/18 | 06/12/18 | 476,60 | 0,00 |
| FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ | 201800043533 | 2310.4800000 | 150.000,00 | 149.366,37 | 09/05/18 | 07/09/18 | 09/08/18 | 633,63 | 0,00 |
| FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ | 201800052198 | 2310.4810000 | 230.000,00 | 228.363,32 | 14/06/18 | 04/09/18 | 14/09/18 | 1.636,68 | 0,00 |
| GARCÍA ÁLVAREZ LUIS | 201800021147 | 9201.1620001 | 285,00 | 285,00 | 01/03/18 | 07/03/18 | 01/06/18 | 0,00 | 0,00 |
| GARCÍA ÁLVAREZ LUIS | 201800053453 | 4412.2279900 | 4.000,00 | 1.470,15 | 18/06/18 | 24/09/18 | 18/09/18 | 2.529,85 | 0,00 |
| GARCÍA ÁLVAREZ LUIS | 201800057454 | 2311.4800000 | 3.000,00 | 2.860,00 | 03/07/18 | 01/10/18 | 03/10/18 | 140,00 | 0,00 |
| GARCÍA ÁLVAREZ LUIS | 201800074766 | 9201.2302000 | 140,77 | 140,77 | 21/09/18 | 15/10/18 | 21/12/18 | 0,00 | 0,00 |
| GARCÍA ÁLVAREZ LUIS | 201800077579 | 9201.2302000 | 206,74 | 206,74 | 28/09/18 | 15/10/18 | 28/12/18 | 0,00 | 0,00 |
| GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J. | 201800046570 | 2410.2312007 | 2.000,00 | 584,05 | 24/05/18 | 27/08/18 | 24/08/18 | 1.415,95 | 0,00 |
| MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO | 201800063437 | 1320.2269900 | 1.000,00 | 190,80 | 27/07/18 | 30/10/18 | 27/10/18 | 809,20 | 0,00 |
| MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO | 201800063438 | 1320.2312000 | 300,00 | 9,10 | 27/07/18 | 30/10/18 | 27/10/18 | 290,90 | 0,00 |
| NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ JESUS | 201800021149 | 2310.4800000 | 150.000,00 | 149.256,69 | 02/03/18 | 22/06/18 | 02/06/18 | 743,31 | 0,00 |

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustifica-do* | *Data de paga-mento* | *Data Real xustica-ción* | *Data legal de xustifica ción* | *Reintegro* | *S/ a favor* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL | 201800026530 | 9200.2260300 | 18.000,00 | 17.982,81 | 21/03/18 | 01/10/18 | 21/06/18 | 17,19 | 0,00 |
| VIVERO MIJARES ANTONIO | 201800023176 | 1350.2269901 | 4.000,00 | 3.429,37 | 08/03/18 | 29/06/18 | 08/06/18 | 570,63 | 0,00 |
| VIVERO MIJARES ANTONIO | 201800058350 | 1350.2269901 | 6.000,00 | 6.000,00 | 09/07/18 | 03/08/18 | 09/10/18 | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAL** | | | 575.632,51 | 565.020,50 | | | | 10.874,49 | 262,48 |

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

| **Alcance da fiscalización** | **Si** | **Non** |
|---|---|---|
| Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 201800053439 de Barbará Rodríguez Beatriz, 201800058351 de Espada Recarey Luis, 201800053453 de García Álvarez Luis, 201800046570 de Gutiérrez Orúe Francisco J., 201800063437 e 201800063438 de Martínez Muñoz Francisco, 201800021149 de Núñez-Torrón López Jesús, 201800026530 Vieites Alén José Manuel e 201800023176 Vivero Mijares Antonio. | ✔ | |
| A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración. | ✔ | |
| Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos. | ✔ | |
| Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante. | ✔ | |
| Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante. | ✔ | |

Concello de Vigo

Resultado da fiscalización

| De conformidade | Con observacións | De disconformidade |
|---|---|---|
| | As ordes de pago a xustificar n.º 201800053439 de Barbará Rodríguez Beatriz, 201800058351 de Espada Recarey Luis, 201800053453 de García Álvarez Luis, 201800046570 de Gutiérrez Orúe Francisco J., 201800063437 e 201800063438 de Martínez Muñoz Francisco, 201800021149 de Núñez-Torrón López Jesús, 201800026530 de Vieites Alén José Manuel e 201800023176 de Vivero Mijares Antonio non se rendiron no prazo legal de xustificación. | |

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

**PROPOSTA**

En base á Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, proponse a aprobación das seguintes:

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustificado* | *Data de paga-mento* | *Data Real xustica-ción* | *Data legal de xustifica-ción* | *Reintegro* | *S/ a favor* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ABALDE COMESAÑA RAQUEL | 201800070455 | 9120.2260100 | 2.000,00 | 2.262,48 | 27/08/18 | 17/10/18 | 27/11/18 | 0,00 | 262,48 |
| BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ | 201800053439 | 9200.2260300 | 3.000,00 | 2.079,67 | 18/06/18 | 08/11/18 | 18/09/18 | 920,33 | 0,00 |
| ESPADA RECAREY LUIS | 201800058351 | 9250.2230000 | 700,00 | 62,48 | 09/07/18 | 16/10/18 | 09/10/18 | 637,52 | 0,00 |
| ESPADA RECAREY LUIS | 201800072248 | 9250.2200100 | 500,00 | 447,30 | 06/09/18 | 27/09/18 | 06/12/18 | 52,70 | 0,00 |
| ESPADA RECAREY LUIS | 201800072249 | 9250.2200000 | 500,00 | 23,40 | 06/09/18 | 08/11/18 | 06/12/18 | 476,60 | 0,00 |
| FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ | 201800043533 | 2310.4800000 | 150.000,00 | 149.366,37 | 09/05/18 | 07/09/18 | 09/08/18 | 633,63 | 0,00 |
| FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ | 201800052198 | 2310.4810000 | 230.000,00 | 228.363,32 | 14/06/18 | 04/09/18 | 14/09/18 | 1.636,68 | 0,00 |

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustificado* | *Data de paga-mento* | *Data Real xustica-ción* | *Data legal de xustifica-ción* | *Reintegro* | *S/ a favor* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| GARCÍA ÁLVAREZ LUIS | 201800021147 | 9201.1620001 | 285,00 | 285,00 | 01/03/18 | 07/03/18 | 01/06/18 | 0,00 | 0,00 |
| GARCÍA ÁLVAREZ LUIS | 201800053453 | 4412.2279900 | 4.000,00 | 1.470,15 | 18/06/18 | 24/09/18 | 18/09/18 | 2.529,85 | 0,00 |
| GARCÍA ÁLVAREZ LUIS | 201800057454 | 2311.4800000 | 3.000,00 | 2.860,00 | 03/07/18 | 01/10/18 | 03/10/18 | 140,00 | 0,00 |
| GARCÍA ÁLVAREZ LUIS | 201800074766 | 9201.2302000 | 140,77 | 140,77 | 21/09/18 | 15/10/18 | 21/12/18 | 0,00 | 0,00 |
| GARCÍA ÁLVAREZ LUIS | 201800077579 | 9201.2302000 | 206,74 | 206,74 | 28/09/18 | 15/10/18 | 28/12/18 | 0,00 | 0,00 |
| GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J. | 201800046570 | 2410.2312007 | 2.000,00 | 584,05 | 24/05/18 | 27/08/18 | 24/08/18 | 1.415,95 | 0,00 |
| MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO | 201800063437 | 1320.2269900 | 1.000,00 | 190,80 | 27/07/18 | 30/10/18 | 27/10/18 | 809,20 | 0,00 |
| MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO | 201800063438 | 1320.2312000 | 300,00 | 9,10 | 27/07/18 | 30/10/18 | 27/10/18 | 290,90 | 0,00 |
| NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ JESUS | 201800021149 | 2310.4800000 | 150.000,00 | 149.256,69 | 02/03/18 | 22/06/18 | 02/06/18 | 743,31 | 0,00 |
| VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL | 201800026530 | 9200.2260300 | 18.000,00 | 17.982,81 | 21/03/18 | 01/10/18 | 21/06/18 | 17,19 | 0,00 |
| VIVERO MIJARES ANTONIO | 201800023176 | 1350.2269901 | 4.000,00 | 3.429,37 | 08/03/18 | 29/06/18 | 08/06/18 | 570,63 | 0,00 |
| VIVERO MIJARES ANTONIO | 201800058350 | 1350.2269901 | 6.000,00 | 6.000,00 | 09/07/18 | 03/08/18 | 09/10/18 | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAL** | | | 575.632,51 | 565.020,50 | | | | 10.874,49 | 262,48 |

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 4.(1449)- RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XGL DO 3/05/2018 DE DELIMITACIÓN DOS AREAIS DE FOZ ESQUERDA E PARTE DE CALZOA COMO ZONA DE ESPAREXEMENTO CANINO. EXPTE. 12839/306.

Dáse conta do informe-proposta do 04/12/18, asinado polo xefe de Servizo de Medio Ambiente e pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

**FEITOS**

I.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión do día 26 de xullo de 2017, aprobou definitivamente a modificación da Ordenanza municipal para a protección e tenza de animais -en adiante OMPTA- aprobada polo Pleno o 16 de febreiro de 2000 (BOPPO 22/06/2000, publicada a modificación no BOPPO do 11/08/2017).

O artigo 7, apartado 3bis, da citada OMPTA, introducido trala súa modificación, permite que a autoridade municipal delimite praias como zonas de esparexemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.

O artigo 7, apartado 3ter, da citada OMPTA exceptúa do disposto no apartado anterior ós cans cualificados como potencialmente perigosos, conforme á normativa pola que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos, que deberán, en lugares públicos, ir sempre suxeitos con correa e bozo de conformidade coa normativa de aplicación.

A modificación da referida ordenanza nos termos indicados, respondeu á existencia dunha demanda social relativa a que os cans poidan transitar en liberdade, acompañados polos seus propietarios, por algúns dos areais do concello de Vigo co obxecto de adaptala á realidade cidadá e compatibilizar as necesidades de todos os usuarios dos areais do municipio, garantindo, así mesmo, o respecto ao medio ambiente e a salvagarda da salubridade pública.

A modificación da OMPTA, publicada no BOPPO do 11/08/2017, entrou en vigor o 6 de setembro de 2017.

II.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"(...)

**PRIMEIRO.-** Desestimar os escritos de alegacións presentadas pola Asociación de Veciños de Coruxo, dona Isabel Prado Comesaña e outros, dona Trinidad Pena Pérez en canto se opoñen á delimitación do areal de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa como zona de esparexemento canino, en virtude dos fundamentos de feito e dereito contidos na parte expositiva deste acordo.

**SEGUNDO.-** Delimitar, ao abeiro dos artigos 7.3 ter., 11 en relación co 24 da vixente Ordenanza municipal para a protección e tenza de animais aprobada polo Pleno o 16 de febreiro de 2000, aprobada modificación polo Pleno en sesión do 26 de xullo de 2017, (BOPPO 22/06/2000, publicada a modificación no BOPPO do 11/08/2017), o areal de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa como zona de esparexemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a, conforme á memoria xustificativa que se contén neste acordo.

**TERCEIRO.-** Exceptuar do disposto no apartado anterior, ós cans cualificados como potencialmente perigosos, conforme á normativa pola que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos, que deberán ir sempre suxeitos con correa e bozo de conformidade coa normativa de aplicación.

**CUARTO.-** Sinalizar verticalmente a zona como de esparexemento canino, coa instalación de sinales informativas, postes de madeira na zona vexetal, reforzo de instalación de colectores para recollida do lixo e excremento, de conformidade coa memoria xustificativa que se contén neste acordo.

**QUINTO.-** Lembrar os usuarios da zona de esparexemento canino que:

- Deberán cumprir en todo momento coa normativa de protección e benestar dos animais de compañía, as normas de salubridade e costas e calquera outra de obrigado cumprimento.

- O propietario/a posuidor/a dos cans deberán manter o control sobre eles ó fin de evitar molestias ou danos ás persoas e aos demais cans, sendo responsable o propietario/a ou posuidor/a do seu comportamento e danos que orixinen, de acordo coa normativa de aplicación.

- As deposición dos animais recolleranse inmediatamente e botaranse hixienicamente nos lugares habilitados.

- Se hai cans con comportamentos agresivos débense retirar inmediatamente da zona de esparexemento canino xa que poden alterar a conduta doutros.

- Non se subministrará alimentos ós cans na zona de esparexemento canino e débese evitar a entrada de cadelas en celo a este espazo.

**SEXTO.-** A utilización do espazo do areal de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa como zona de esparexemento canino queda sometida á CONDICIÓN SUSPENSIVA en tanto en canto non se proceda a instalar a sinaléctica que se reflicte no apartado cuarto deste acordo.

Unha vez instalada a sinaléctica, publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para xeral coñecemento, momento a partir do cal se entenderá levantada a condición suspensiva, polo que a partir do día seguinte á publicación do anuncio no BOP de Pontevedra, os usuarios poderán utilizar o espazo como zona de esparexemento canino.

**SÉTIMO.-** Requirir ós Servizos Municipais de Limpeza que se intensifique a limpeza mecánica da zona de esparexemento canino co obxecto de garantir a súa salubridade, especialmente, no período estival.

**OITAVO.-** Requirir da Policía local que se intensifique a vixilancia na zona de esparexemento canino co obxecto de velar polo cumprimento da normativa de aplicación.

**NOVENO.-** Informar ós interesados/as que contra o presente acordo que pon fin a vía administrativa, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

(...)"

No referido acordo da Xunta de Goberno Local foron analizadas as alegacións que obraban no expediente:

- Escrito da Asociación de Veciños de Coruxo de data 18.09.2017.

- Escrito de dona Isabel Prado Comesaña no que achegaba 1.084 sinaturas de persoas que se opoñían a designar os areais de Calzoa e Foz como zonas de esparexemento canino (doc. 170138920).
- Escrito de dona Trinidad Pena Pérez (doc. 170138920).

III.- O devandito acordo da Xunta de Goberno Local do 03/05/2018, no cal se dou resposta motivada ás alegacións presentadas, foi notificado ó Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura Alimentación e Medio Ambiente (acuse de recibo do 11/05/2018), á Asociación de Veciños de Coruxo (acuse de recibo do 19/05/2018), a Dona Isabel Prado Comesaña e outras (acuse de recibo do 11/05/2018), a Dona Trinidad Pena Pérez (acuse de recibo do 14/05/2018). Asimesmo, para xeral coñecemento, publicouse anuncio do acordo adoptado no BOP de Pontevedra do luns, 28 de maio de 2018.

IV.- Contra o referido acordo presentan recurso de reposición:

- D. Emilio Pérez Pérez en nome e representación da Asociación de Veciños de Coruxo (Doc. 180095082, data 10/06/2018).

- Dª. Isabel Prado Comesaña e outros (Doc.180088523, de data 08/06/20178).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.-**

I.- Recurso de reposición presentado por D. Emilio Pérez Pérez en nome e representación da Asociación de Veciños de Coruxo (Doc. 180095082, data 10/06/2018).

Alegan a nulidade de pleno dereito do acordo por ausencia de determinacións de horario nas zonas de esparexemento canino que debera estar recollido no acordo invocado e, tamén, por unha incorrecta ponderación dos criterios determinantes para a selección das praias de Foz esquerda e parte de Calzoa como zona de esparexemento canino polos motivos nestas recollidos -danse aquí por reproducidos- criterios equidistancia, escaseza de aparcamentos e praias concorridas, espazos utilizados por aves protexidas na súa migración que resultan afectados os seus hábitats pola presenza dos cans, considera que non existe claridade como se vai a impedir que os cans traspasen a zona delimitada.

Conclúe, solicitando a estimación do recurso e declaración de nulidade do acordo impugnado.

II.- Recurso de reposición presentado por D Isabel Prado Comesaña e outros (Doc.180088523, de data 08/06/20178).

Efectúan alegacións nas que van expoñendo os motivos polos que consideran incompatibles o uso destes areais como zonas de esparexemento canino -danse por reproducidas-. Recóllense sucintamente as súas alegacións:

- Que se trata de areais moi concorridos como Samil, Vao, Tombo do Gato, Argazada.

- Que os usuarios destas praias vense obrigados a convivir cos cans e coas molestias lóxicas do seu comportamento natural.

- Estes areais son utilizados no período lectivo polos colexios de Coruxo para actividades de educación ambiental.

-Molestias producidas polos cas ós usuarios da vivendas ocupadas durante o verán a pé da praia polo uso intensivo deste animais.

- Molestias polo paso do vehículo limpapraias

- Os mariñeiros non poden acceder as gamelas para reparalas polo peche efectuado pola parte superior da duna.

- Non existen barreiras física de limitación do espazo que impida o paso dos cans.

- Importancia ambiental dos areais pola presenza de aves acuáticas e invernada, que se alimentan nese areal.

- Existencia de espazo dunar.

Solicitan a estimación de recurso e a revogación do acordo adoptado.

III.- Análise dos recursos presentados.

Trátanse conxuntamente, habida conta que presentan moitas alegacións comúns.

Non se observa que concorra ningún dos supostos de nulidade de pleno dereito previstos no artigo 47.1. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas e, tampouco, a recorrente, AA.VV. de Coruxo concreta cal dos apartados de citado precepto entende vulnerados.

O feito de que o acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de maio de 2018 polo que se delimita o areal de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa como zona de esparexemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a -excepto os cualificados como potencialmente perigosos-, no indique horarios é simple e llaneamente porque no referido ámbito non existe ningún tipo de limitación ou restrición horaria nin temporal para o seu uso.

No mesmo sentido, tampouco existe ningunha restrición horaria no resto de praias do termo municipal nas que fora do período estival, de 1 de xuño a 30 de setembro, os cans pode ir con correa, no coso dos perigosos tamén con bozo, en calquera horario sen restrición.

O acordo da Xunta de Goberno Local do 03 de maio de 2018, de delimitación do areal de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa como zona de esparexemento canino, recolle xustificada e motivadamente as consideracións que levaron a determinar esas zonas dos areais como zonas de esparexemento canino que se dan aquí por reproducidas.

Cómpre lembrar que a xustificación de delimitación do areal de Foz Esquerda e parte do areal de Calzado como zona de esparexemento canino, responde, tamén, ós criterios indicados pola xefatura do Servizo de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente no escrito de informe de data 4 de outubro de 2016 á modificación da Ordenanza para a protección de animais (expte. 11989/306) .

Tamén, a proposta de delimitacións dos areais de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa como zona de esparexemento canino foi remitida para informe ó Servizo de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente ó tratarse de terreos de dominio público marítimo terrestre en cumprimento do preceptuado na Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, o cal emitiu informe en data do 20 de febreiro de 2018 sen obxeccións ningunhas a esta delimitación.

Como xa se indicou no acordo de delimitación, trátase de ocupacións parciais de ditos areais de Foz e Calzoa. En efecto, delimitouse como zona de esparexemento canino o areal de Foz Esquerda -por tanto o areal de Foz dereita non é zona de esparexemento canino- e parte do areal de Calzoa quedando máis da metade do areal fóra da zona de esparexemento canino:

- O areal de Foz posúe unha superficie aproximada duns 8.000 m2 (320 m. de longo por 25 m. de ancho) dos que se habilita para zona de esparexemento canino unha superficie de 3.980 m2, correspondente á zona de areal Foz esquerda -dende a desembocadura do Lagares ata o areal de Calzoa-.
- O areal de Calzoa posúe unha superficie aproximada duns 3.600 m2 (120 metros de longo por 30 metros de ancho) dos que se habilitada para zona de esparexemento canino unha superficie de 800 m2, deixando fora deste uso a zona esquerda do areal e, tamén, a de rochas e cantís que puideran frecuentas aves en invernada tal e como reflicte a imaxe satélite de actuacións que se reflicte anteriormente e na que se sinala en cor verde toda a zona do areal de Calzoa que se exclúe de zona habilitada.

Por tanto, os referidos areais son utilizadas parcialmente para zona de esparexemento canino e, tamén, a súa total proximidade a outras praias da cidade -Samil, Fontaíña, Vao- permite compatibilizar usos e que todos os usuarios poidan desfrutar destas na forma legalmente prevista.

En canto a zonas de aparcamento para usuarios, sempre resultan escasos na época estival, en toda a zona do litoral de Vigo pola afluencia de usuarios. Non obstante, a súa inmediata proximidade ó areal de Samil permite que os usuarios teñan acceso a unha das zonas de máis aparcamento e paradas de transporte público da zona de areais e poidan trasladarse a pe cos seus animais pola beirarrúa ata os areais habilitados habida conta da súa proximidade.

Á entrada destes areais que se utilizaran parcialmente para zona de esparexemento canino colocáronse carteis informativos de tal xeito que os usuarios poden coñecer con exactitude a zona delimitada para este uso. Neste sentido, a zona delimitada na súa banda dereita chega ata a desembocadura do río Lagares que fai de delimitación natural da zona, pola súa banda esquerda colocaranse algúns postes de madeira e sinais que delimite claramente o espazo.

Na zona de esparexemento canino os cans poderán circular libremente e soltos (a excepción dos catalogados como perigosos), pero deberán ir acompañados polo seu propietario e posuidor o cal será responsable destes e debendo limpar, en todo momento, os excrementos. A zona delimitada é o suficientemente ampla para que os donos ou posuidores poidan manter os animais dentro do espazo que se delimita.

Respecto de aves protexidas, cómpre reiterar que toda a costa do literal vigués conta, por fortuna, co paso de aves silvestres con máis ou menos graos de protección que todos os usuarios debemos conservar e protexer. A zona que delimitada como zona de esparexemento canino limítase ós espazos concretos de zona de area, totalmente accesibles, que son utilizados polos usuarios bañistas polo que a súa presenza alonxa tamén a das aves que puideran pasar.

Con todo, as concretas zonas delimitadas de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa, deixan fora do seu ámbito tanto toda a zona rochosa do areal de Calzoa no que puideran existir aves en paso ou en invernada como toda a zona da Xunqueira do Lagares. Os areais de Foz e Calzoa son praias e, por tanto, dominio público marítimo terrestre suxeitos á lexislación de costas polo que non teñen a consideración de humedais nin se lle pode aplicar a normativa que puideran regular estes.

Os areais da Foz e sobre todo o de Calzoa NON ESTÁN incluídas na Zona Especial Protección de Aves ZEPA ES0000499 ESPAZO MARIÑO DAS RÍAS BAIXAS DE GALICIA que abrangue pola costa dende a Illa de Toralla cara o areal de Xunqueiro e descendendo cara o sur por toda a costa do termo municipal de Vigo.

Por tanto, pode concluírse sen ningún xénero de dúbidas que a zona de praia que se pretende delimitar como zona de esparexemento canino queda fora da ZEPA “ES0000499 Espazo marítimo das Rías Baixas de Galicia”.

Calquera outra praia cara o sur do termo municipal na que se pretendera implantar como zona de esparexemento canino, quedaría ben dentro da referida ZEPA ou máis próxima a ela e, por tanto, con maior afección a estas aves e cara o norte trátase de praias con maior densidade de usuarios: Samil, Argazada, Tombo do Gato, ou de reducidas dimensións e nas que, na maioría dos casos, non entra a máquina rastrilladora limpapraias.

A maior abondamento, como xa se sinalou con anterioridade, a maior parte do areal da Calzoa queda fora da zona de esparexemento canino, estando todo o tramo litoral e afloramento rochoso que fai de límite entre A Calzoa e A Foz ao marxe deste uso.

Por outra banda, os accesos e as zonas con vexetación dunar -deterioridada por las existencias de camiños peonis de paso- foron delimitadas e protexidas fisicamente con postes e malla para canalizar o acceso ao areal e evitar o tránsito de animais máis alá do espazo permitido. Non é certo que non se deixe acceso, para as gamelas tradicionais xa que se deixou ou espazo amplo entre postes sen valar na zona do areal de Calzado non delimitado para o uso de esparexemento canino, polo que os usuarios destas embarcacións tradicionais teñen pleno acceso a estas. En todo caso estas embargación, sitúanse encima da zona con vexetación polo que tampou parece o espazo máis idóneo para estar nin para efectuar reparacións.

A zona de esparexemento canino non exime ó propietario da súa responsabilidade sobre o animal o cal debe controlar e acompañar en todo momento co obxecto de evitar calquera situación de risco.

En todo caso, o acordo ordena á Policía Local que intensificase a vixilancia sobre a zona de esparexemento canino e o cumprimento da normativa de aplicación, podendo ser obxecto de sanción os incumprimentos que se produzan. Tamén, ordena ós Servizos municipias de Limpeza que intensifiquen esta, máxime, no período estival.

Por outra banda, como xa levamos dito, os animais cualificados como potencialmente perigosos, conforme á normativa pola que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos, deberán, en lugares públicos, ir sempre suxeitos con correa e bozo de conformidade coa normativa de aplicación e, por tanto, tamén na zona de esparexemento canino.

Constan no areal paneis informativos nos que se informa ós usuarios/as mediante sinaléctica das características do espazo, superficie e condicións de uso con cumprimento estrito da lexislación vixente e será obxecto de vixilancias pola autoridades municipais cara o cumprimento da normativa de aplicación.

Tamén, esta Administración municipal efectou seguimento sobre as condicións de salubridade, limpeza, comprobación de instalacións sen detectar contaminación nin incumprimentos:

- Condicións de salubridade do ámbito delimitado como zona de esparexemento canino.

Con data 03.09.2018, persoal do departamento de Medio Ambiente recolleu cinco mostras de auga de baño no ámbito da zona de esparexemento canino nas praias de Foz e Calzoa coas ref. 180711 ; 180712; 180713; 180714;180715.

Analizadas as mencionadas mostras polo Laboratorio Municipal, e de acordo co valor paramétrico establecido no Real Decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a xestión da

calidade das augas de baño, pódese concluír que a clasificación sanitaria é a equivalente a «excelente».

Segundo consta no «Sistema de Información Nacional de Augas de Baño» do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, a Xunta de Galicia: Consellería de Sanidade tomou mostras no ámbito da zona de esparexemento canino con datas 17.05.2018; 06.06.2018; 17.06.2018; 27.06.2018; 10.07.2018; 25.07.2018; 07.08.2018; 22.08.2018; 04.09.2018; 17.09.2018. De acordo co valor paramétrico establecido no Real Decreto 1341/2007, pódese concluír que a clasificación sanitaria das mostras analizadas e a equivalente a «excelente».

Con data 04.09.2018, persoal do departamento de Medio Ambiente recolleu cinco mostras de area seca (zona non afectada polas mareas) no ámbito da zona de esparexemento canino nas praias de Foz e Calzoa coas ref. 180716; 180717; 180718; 180719; 180720. Analizadas as devanditas mostras nun centro analítico, as funcionarias do Laboratorio Municipal informaron con data 08.10.2018 o que segue:

> “(...)
>
> A vista dos resultados obtidos, informamos que ningunha mostra supera o valor
>
> imperativo polo que pódense cualificar como area de calidade “BOA”.

- Periodicidade, condicións e incidencias na limpeza no ámbito da zona de esparexemento canino nas praias de Foz e Calzoa.

Con data 20.09.2018, o xefe do Servizo de Limpeza do Concello de Vigo emite informe literalmente como segue:

> “(…)
>
> A partir do martes 29 de maio do 2018, o Servizo Municipal de Limpeza dispuxo un dispositivo especial de limpeza no ámbito referido para esparexemento canino, consistente en:
>
> • Limpeza mecánica con máquina limpa-praias remolcada por tractor, na quenda de noite con periodicidade de luns a venres.
>
> • Limpeza mecánica con máquina limpa-praias manual na quenda de maña dos domingos e festivos.
>
> • Baleirado diario da s papeleiras tanto das instaladas no areal como das instaladas nos accesos.
>
> • Repaso diario dos areais na quenda de maña por operario a pé, para retirar os refugallos que aprecie visualmente.
>
> Este servizo manterase invariable do 29 de maio ata o 30 de setembro do ano 2018.
>
> Procede indicar así mesmo que das inspeccións realizadas por parte do persoal deste Servizo Municipal de limpeza, non se atopou ningunha incidencia reseñable”.

- Contaminación acústica.

No que atinxe á contaminación acústica, non constan no servizo municipal de Medio Ambiente medicións sonométricas que superen os límites admitidos e que teñan como foco emisor a área delimitada como zona de esparexemento canino.

Por todo exposto, procede a desestimación dos recursos de reposición interpostos.

E órgano competente para resolver os recursos, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo ao abeiro do establecido no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Desestimar os recursos de reposición presentados por D. Emilio Pérez Pérez en nome e representación da Asociación de Veciños de Coruxo (Doc. 180095082, data 10/06/2018) e Dª. Isabel Prado Comesaña e outros (Doc.180088523, de data 08/06/20178), contra acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 3 de maio de 2018, polo que se delimitou o areal de Foz Esquerda e parte do areal de Calzoa como zona de esparexemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a; en virtude dos fundamentos de feito e dereito que recollen na parte expositiva deste acordo.

Informar ós recorrentes que contra o presente acordo, consonte os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique o presente acordo.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 5(1450).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE UN/UNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO (TREBEP) POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O REXISTRO XERAL. EXPTE. 32942/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 27/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 30/10/2018, o Xefe do Rexistro Xeral coa conformidade da Xefa da Área de Réxime Interior, remite oficio manifestando a urxente necesidade de auxiliares de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 14/11/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas,

previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 14/11/2018, emítese polo Técnico de organización e planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustixa de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"**FD CUARTO.-**

(….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación

autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

"......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"

**II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou

acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidad Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**IV. III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do xefe do rexitro e a xefa de Réxime interior así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 14/11/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

**V. IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses dun/dunha auxiliar de administración xeral para o Servizo de estadística, supón un gasto de **11.747,93 €** (dos que 2.240.02 €, corresponde a presente exercicio e, 9.507,91€ ao vindeiro exercicio 2019), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.606,84 €** (dos que 687,68€, corresponde a presente exercicio e, 2.919,16€ ao vindeiro exercicio 2019) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

0 referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

**VI. V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser nomeadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. I. Fernández García con DNI *******072-S,** de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

O/a mesmo/a aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

**VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

<u>PROPOSTA DE ACORDO</u>

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **auxiliar de administración xeral,** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de

servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do Rexistro xeral contidas no escrito do 14/11/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.747,93 €** (dos que 2.240.02 €, corresponde a presente exercicio e, 9.507,91 € ao vindeiro exercicio 2019)**,** xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. I. Fernández García con DNI *******072-S,** na súa condición de seguinte aspirante na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a ao Rexistro Xeral, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, ao Xefe do rexistro xeral, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(1451).- PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TREBEP, COMO OFICIAL COIDADOR, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL. EXPTE. 32955/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 21/11/18, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

I.- O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 15 de maio de 2018, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como oficiais coidadores, mantemento, vixilancia e control, á maior brevidade.

II.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14/06/2018 aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como oficiais coidadores, mantemento, vixilancia e control, integrado no subgrupo C2, expte. 32023/220, bases que se publicaron no BOP nº 169 de data 3 de setembro de 2018, e nas que se habilitaba expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegacións do Excmo. Sr. Alcalde Presidente, efectuadas en Resolucións de 19 de xuño de 2015 e 30 de decembro de 2016.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS.**

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal,

que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, faríase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida), aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Estatuto Básico do Empregado Público.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 14/11/2018, documentada na Acta 10, por unanimidade de tódolos seus membros, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolvemos declarar que os aspirantes que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarán parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (E.B.E.P.), como Oficial Coidador de mantemento, vixilancia e control de Vigo-zoo, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 14 de xuño de 2018, son os que seguen por orde de puntuación, tendo en conta que os empates resolvéronse, segundo o disposto na base IV, a favor dos/as aspirantes de maior idade:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º exercicio | 2º exercicio | 3º exercicio | TOTAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | PÉREZ MINIÑO | A. | ******633S | 9,00 | 9,850 | 2,00 | 20,850 |
| 2 | PESQUEIRA CAMESELLE | X. | ******318Y | 9,50 | 9,250 | 2,00 | 20,750 |
| 3 | LÓPEZ JAMARDO | M. | ******349C | 9,50 | 8,800 | 2,00 | 20,300 |
| 4 | GÓMEZ RODRÍGUEZ | A. | ******498B | 8,00 | 10,000 | 2,00 | 20,000 |
| 5 | GÓMEZ FOLE | A. | ******032K | 8,00 | 9,525 | 2,00 | 19,525 |
| 6 | CARAMÉS VÁZQUEZ | M. | ******591R | 7,67 | 8,925 | 2,00 | 18,595 |
| 7 | GONZÁLEZ ÁLVAREZ | M. | ******731D | 7,50 | 9,000 | 2,00 | 18,500 |
| 8 | PÉREZ CRUCES | R. | ******241Z | 7,67 | 8,775 | 2,00 | 18,445 |
| 9 | YGES MARTÍNEZ | L. | ******446B | 8,33 | 7,800 | 2,00 | 18,130 |
| 10 | ALONSO FERREIRA | E. | ******707V | 6,67 | 9,400 | 2,00 | 18,070 |
| 11 | RODRÍGUEZ PAZ | B. | ******337E | 6,83 | 9,175 | 2,00 | 18,005 |
| 12 | AGULLA GONZÁLEZ | G. | ******692L | 8,17 | 7,800 | 2,00 | 17,970 |
| 13 | CARRERA FERREIRA | J. | ******220M | 7,67 | 8,050 | 2,00 | 17,720 |
| 14 | CORREA ALONSO | L. | ******573A | 7,83 | 7,750 | 2,00 | 17,580 |
| 15 | LÓPEZ DAVILA | D. | ******871A | 7,50 | 7,800 | 2,00 | 17,300 |
| 16 | GONZÁLEZ MARTÍNEZ | I. | ******068T | 6,67 | 8,200 | 2,00 | 16,870 |
| 17 | SEOANE LIBERATA | R. | ******029F | 7,67 | 7,075 | 2,00 | 16,745 |
| 18 | COLLAZO BRAGADO | D. | ******469N | 7,83 | 6,400 | 2,00 | 16,230 |
| 19 | VÁZQUEZ CASTRO | J. | ******740V | 6,83 | 7,150 | 2,00 | 15,980 |
| 20 | RODRÍGUEZ LAGO | L. | ******707P | 7,67 | 6,050 | 2,00 | 15,720 |
| 21 | HERRERA SOUSA | A. | ******493Z | 7,17 | 6,375 | 2,00 | 15,545 |
| 22 | MANZANO HERRERO | N. | ******186G | 7,00 | 6,500 | 2,00 | 15,500 |
| 23 | PÉREZ COSTAS | R. | ******818B | 5,33 | 8,000 | 2,00 | 15,330 |
| 24 | MEIRA SUÁREZ. | J. | ******486M | 6,00 | 7,125 | 2,00 | 15,125 |
| 25 | OGANDO ESTÉVEZ | Y. | ******499R | 6,50 | 6,275 | 2,00 | 14,775 |
| 26 | RODRÍGUEZ GUTIÉRREZ | R. | ******475M | 6,67 | 6,050 | 2,00 | 14,720 |
| 27 | CORA TEIJELO | B. | ******573K | 5,00 | 7,650 | 2,00 | 14,650 |
| 28 | CABALEIRO CARAMÉS | A. | ******641B | 7,50 | 5,000 | 2,00 | 14,500 |
| 29 | ALONSO CERQUEIRA | C. | ******157Q | 6,83 | 5,650 | 2,00 | 14,480 |
| 30 | RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ | M. | ******991H | 6,83 | 5,500 | 2,00 | 14,330 |
| 31 | GARCÍA POUSADA | S. | ******245Y | 6,17 | 6,125 | 2,00 | 14,295 |
| 32 | VILA PÉREZ | I. | ******405S | 7,00 | 5,250 | 2,00 | 14,250 |
| 33 | LAGO GONZÁLEZ | I. | ******348G | 5,50 | 6,675 | 2,00 | 14,175 |

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º exercicio | 2º exercicio | 3º exercicio | TOTAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 34 | PIÑEIRO BARREIROS | J. | ******146R | 5,17 | 7,000 | 2,00 | 14,170 |
| 35 | MARCOS FERNÁNDEZ | X. | ******570D | 5,83 | 6,250 | 2,00 | 14,080 |
| 36 | VÁZQUEZ MARTÍNEZ | B. | ******352W | 6,00 | 6,050 | 2,00 | 14,050 |
| 37 | ALONSO FERNÁNDEZ | E. | ******259V | 6,50 | 5,500 | 2,00 | 14,000 |
| 38 | RODRÍGUEZ GARCÍA | Y. | ******286J | 7,00 | 5,000 | 2,00 | 14,000 |
| 39 | SOUSA VÁZQUEZ | M. | ******911L | 7,83 | 5,100 | 0,70 | 13,630 |
| 40 | ASENSIO RODRÍGUEZ | A. | ******447K | 5,17 | 5,675 | 2,00 | 12,845 |
| 41 | COSTAS LÓPEZ | B. | ******622C | 5,83 | 5,000 | 2,00 | 12,830 |
| 42 | GÓMEZ TRIGO | S. | ******152T | 5,00 | 5,625 | 2,00 | 12,625 |
| 43 | ALONSO VIDAL | T. | ******038S | 5,33 | 5,000 | 2,00 | 12,330 |
| 44 | MEIRA SUÁREZ | M. | ******594K | 5,00 | 5,100 | 2,00 | 12,100 |
| 45 | BURGUEÑO CAMBRA | R. | ******860T | 5,17 | 5,200 | 0,35 | 10,720 |

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo a modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demáis normativa de concordante e procedente aplicación.

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);

- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudiráse á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria sustituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas".

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo".

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico

Concello de Vigo

de organización e planificación de RR.HH que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO**

"Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Oficial Coidador, Mantemento, Vixilancia e Control, e que inclúe aos/ás aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Oficiais Coidadores, Mantemento, Vixilancia e Control, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 14/11/2018, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º exercicio | 2º exercicio | 3º exercicio | TOTAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | PÉREZ MINIÑO | A. | ******633S | 9,00 | 9,850 | 2,00 | 20,850 |
| 2 | PESQUEIRA CAMESELLE | X. | ******318Y | 9,50 | 9,250 | 2,00 | 20,750 |
| 3 | LÓPEZ JAMARDO | M. | ******349C | 9,50 | 8,800 | 2,00 | 20,300 |
| 4 | GÓMEZ RODRÍGUEZ | A. | ******498B | 8,00 | 10,000 | 2,00 | 20,000 |
| 5 | GÓMEZ FOLE | A. | ******032K | 8,00 | 9,525 | 2,00 | 19,525 |
| 6 | CARAMÉS VÁZQUEZ | M. | ******591R | 7,67 | 8,925 | 2,00 | 18,595 |
| 7 | GONZÁLEZ ÁLVAREZ | M. | ******731D | 7,50 | 9,000 | 2,00 | 18,500 |
| 8 | PÉREZ CRUCES | R. | ******241Z | 7,67 | 8,775 | 2,00 | 18,445 |
| 9 | YGES MARTÍNEZ | L. | ******446B | 8,33 | 7,800 | 2,00 | 18,130 |
| 10 | ALONSO FERREIRA | E. | ******707V | 6,67 | 9,400 | 2,00 | 18,070 |
| 11 | RODRÍGUEZ PAZ | B. | ******337E | 6,83 | 9,175 | 2,00 | 18,005 |
| 12 | AGULLA GONZÁLEZ | G. | ******692L | 8,17 | 7,800 | 2,00 | 17,970 |
| 13 | CARRERA FERREIRA | J. | ******220M | 7,67 | 8,050 | 2,00 | 17,720 |
| 14 | CORREA ALONSO | L. | ******573A | 7,83 | 7,750 | 2,00 | 17,580 |
| 15 | LÓPEZ DAVILA | D. | ******871A | 7,50 | 7,800 | 2,00 | 17,300 |
| 16 | GONZÁLEZ MARTÍNEZ | I. | ******068T | 6,67 | 8,200 | 2,00 | 16,870 |
| 17 | SEOANE LIBERATA | R. | ******029F | 7,67 | 7,075 | 2,00 | 16,745 |
| 18 | COLLAZO BRAGADO | D. | ******469N | 7,83 | 6,400 | 2,00 | 16,230 |
| 19 | VÁZQUEZ CASTRO | J. | ******740V | 6,83 | 7,150 | 2,00 | 15,980 |
| 20 | RODRÍGUEZ LAGO | L. | ******707P | 7,67 | 6,050 | 2,00 | 15,720 |
| 21 | HERRERA SOUSA | A. | ******493Z | 7,17 | 6,375 | 2,00 | 15,545 |
| 22 | MANZANO HERRERO | N. | ******186G | 7,00 | 6,500 | 2,00 | 15,500 |
| 23 | PÉREZ COSTAS | R. | ******818B | 5,33 | 8,000 | 2,00 | 15,330 |
| 24 | MEIRA SUÁREZ. | J. | ******486M | 6,00 | 7,125 | 2,00 | 15,125 |

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º exercicio | 2º exercicio | 3º exercicio | TOTAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 25 | OGANDO ESTÉVEZ | Y. | ******499R | 6,50 | 6,275 | 2,00 | 14,775 |
| 26 | RODRÍGUEZ GUTIÉRREZ | R. | ******475M | 6,67 | 6,050 | 2,00 | 14,720 |
| 27 | CORA TEIJELO | B. | ******573K | 5,00 | 7,650 | 2,00 | 14,650 |
| 28 | CABALEIRO CARAMÉS | A. | ******641B | 7,50 | 5,000 | 2,00 | 14,500 |
| 29 | ALONSO CERQUEIRA | C. | ******157Q | 6,83 | 5,650 | 2,00 | 14,480 |
| 30 | RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ | M. | ******991H | 6,83 | 5,500 | 2,00 | 14,330 |
| 31 | GARCÍA POUSADA | S. | ******245Y | 6,17 | 6,125 | 2,00 | 14,295 |
| 32 | VILA PÉREZ | I. | ******405S | 7,00 | 5,250 | 2,00 | 14,250 |
| 33 | LAGO GONZÁLEZ | I. | ******348G | 5,50 | 6,675 | 2,00 | 14,175 |
| 34 | PIÑEIRO BARREIROS | J. | ******146R | 5,17 | 7,000 | 2,00 | 14,170 |
| 35 | MARCOS FERNÁNDEZ | X. | ******570D | 5,83 | 6,250 | 2,00 | 14,080 |
| 36 | VÁZQUEZ MARTÍNEZ | B. | ******352W | 6,00 | 6,050 | 2,00 | 14,050 |
| 37 | ALONSO FERNÁNDEZ | E. | ******259V | 6,50 | 5,500 | 2,00 | 14,000 |
| 38 | RODRÍGUEZ GARCÍA | Y. | ******286J | 7,00 | 5,000 | 2,00 | 14,000 |
| 39 | SOUSA VÁZQUEZ | M. | ******911L | 7,83 | 5,100 | 0,70 | 13,630 |
| 40 | ASENSIO RODRÍGUEZ | A. | ******447K | 5,17 | 5,675 | 2,00 | 12,845 |
| 41 | COSTAS LÓPEZ | B. | ******622C | 5,83 | 5,000 | 2,00 | 12,830 |
| 42 | GÓMEZ TRIGO | S. | ******152T | 5,00 | 5,625 | 2,00 | 12,625 |
| 43 | ALONSO VIDAL | T. | ******038S | 5,33 | 5,000 | 2,00 | 12,330 |
| 44 | MEIRA SUÁREZ | M. | ******594K | 5,00 | 5,100 | 2,00 | 12,100 |
| 45 | BURGUEÑO CAMBRA | R. | ******860T | 5,17 | 5,200 | 0,35 | 10,720 |

Segundo.- Dispoñer que a referida lista servirá como lista complementaria da derivada da execución da Bolsa de emprego cuxas Bases específicas e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de data 23 de marzo de 2017 e publicadas no BOP nº 64 de 31 de marzo de 2017, no Taboleiro de Editos e na páxina web municipal, e terá unha validez de tres anos dende a adopción do presente acordo.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1452).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL FIXO CON CARGO A UNHA PRAZA VACANTE DE CAPATAZ DE DEPORTES, OEP 2014-2015-2016. EXPTE. 32985/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 03/12/18, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión dunha praza de capataz deportes, pola quenda de promoción interna, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2014, 2015 e 2016 en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C1 de titulación, na súa sesión de data 26/10/2018, acordou propoñer ao órgano competente a contratación como empregado público laboral fixo, con cargo á praza vacante de capataz deportes, a D. MARIO IGLESIAS LORENZO, con DNI 3**9*4**-P, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición, pola quenda de promoción interna, e que acadou unha puntuación total de 22,15 puntos.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 26/10/2018.

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases, segundo informe técnico emitido no expediente.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"**PRIMEIRO**: Contratar como empregado público municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza convocada de **capataz deportes**, pola quenda de promoción interna, a **D. MARIO IGLESIAS LORENZO, con DNI 3**9*4**-P**, que foi proposto polo Órgano de Selección, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de **22,15 puntos.**

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar o aspirante proposto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

**SEGUNDO**: Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, ao Xefe do Servizo de Deportes, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, para os efectos oportunos.

**TERCEIRO**: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.”.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 8(1453).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL FIXO CON CARGO A UNHA PRAZA VACANTE DE OFICIAL DE LIMPEZA, OEP 2014-2015-2016. EXPTE. 32987/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 03/12/18, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión dunha praza de oficial de limpeza, pola quenda de promoción interna, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2014, 2015 e 2016 en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación, na súa sesión de data 10/10/2018, acordou propoñer ao órgano competente a contratación como empregada pública laboral fixa, con cargo á praza vacante de oficial de limpeza, a Dª. LIDIA MARÍA RIVEIRO CEA, con DNI *6*0**5*-Z, por ser a/o única/o aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición, pola quenda de promoción interna, e que acadou unha puntuación total de 16,73 puntos.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de edictos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 23/10/2018.

A aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases, segundo informe técnico emitido no expediente.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

"**PRIMEIRO**: Contratar como empregada pública municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza convocada de **oficial de limpeza**, pola quenda de promoción interna, a **Dª. LIDIA MARÍA RIVEIRO CEA, con DNI *6*0**5*-Z**, que foi proposta polo Órgano de Selección, por ser a/o única/o aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de **16,73 puntos.**

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do *apartado B) Persoal laboral*, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar a/o aspirante proposta/o no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

**SEGUNDO**: Notificar o presente acordo á interesada, á Intervención Xeral, ao Xefe do Servizo de Limpeza, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, para os efectos oportunos.

**TERCEIRO**: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.”.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(1454).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL FIXO CON CARGO A TRES PRAZAS VACANTES DE OFICIAL XARDINEIRO. OEP 2014-2015-2016. EXPTE. 32988/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 03/12/18, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de tres prazas de oficial xardineiro, pola quenda de promoción interna polo sistema de concurso-oposición, incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación, na súa sesión de data 08/10/2018, acordou propoñer ao órgano competente a contratación como empregados públicos laborais fixos, con cargo ás prazas vacantes de oficial xardineiro, aos aspirantes que se relacionan a continuación por ter superados todos os exercicios dos que constou o proceso selectivo e que acadaron as puntuacións que tamén se expresan.

| Orde | APELIDOS | NOME | DNI | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| 1 | GARCÍA ALONSO | ÓSCAR | 5*1**0**-M | 20,79 |
| 2 | CONDE CASTRO | DAVID | *6*5***2-E | 20,39 |
| 3 | FERNÁNDEZ MONJE | GONZALO | **45**8*-K | 17,71 |

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 22/10/2018.

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases, segundo informe técnico emitido no expediente.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO**: Contratar como empregados públicos municipais en réxime laboral fixo, con cargo ás prazas convocadas de **oficial xardineiro**, pola quenda de promoción interna, a **D. ÓSCAR GARCÍA ALONSO con DNI 5*1**0**-M, D. DAVID CONDE CASTRO, con DNI *6*5***2-E** e **D. GONZALO FERNÁNDEZ MONJE, con DNI **45**8*-K** que foron propostos polo Órgano de Selección, por ser os tres aspirantes que acadaron as máximas puntuacións unha vez rematados todos os exercicios do concurso-oposición**.**

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberán asinar os aspirantes propostos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

**SEGUNDO**: Notificar o presente acordo aos interesados, á Intervención Xeral, ao Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, para os efectos oportunos.

**TERCEIRO**: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.”.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 10(1455).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NOS MESES DE XULLO A OUTUBRO DE 2018. EXPTE. 2301/341.

Dáse conta do informe-proposta do 27/11/18, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2018, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) nos meses de **XULLO A OUTUBRO**, e que son os que deseguido se relacionan:

| CENTRO OU SERVIZO | CONCEPTO | DATA | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2221/341. Visitas guiadas aos Xardíns Históricos do Pazo Museo Quiñones de León na Noite Branca 2018. AGUIAS DE VIGO, S.L. RCM 61809. | 20/07/18 | 617,10 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2222/341. Visitas guiadas a centros da rede de museos na Noite Branca 2018. GALIPAT SERVIZOS CULTURAIS, S.L. RCM 62013. | 27/07/18 | 2.862,86 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2225/341. Concerto de Gabriel Gasio (Gabriel Santiago Nogueira Lago) na exposición da “Noite Branca 2018” na Casa das Artes. GABRIEL SANTIAGO NOGUEIRA LAGO. RCM 64168. | 31/07/18 | 1.694,00 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2228/341. Contratación do servizo de embalaxes, traslados internos e reposición de cartelas en obras de Laxeiro na Casa das Artes. DESARROLLO GRÁFICO PUBLICITARIO, S.L. RCM 66139. | 13/08/18 | 5.357,99 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2252/341. Reparación e limpeza do circuíto diesel do grupo electróxeno de Casa das Artes. ELECTRONAVIA INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS, S.L. RCM 79288. | 04/10/18 | 2.826,56 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2235/341. Restauración de catro obras de Laxeiro afectadas por filtracións de auga na Casa das Artes. EVA FONTOIRA BARÓ. RCM 76103. | 24/09/18 | 2.158,64 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2208/3414. Subministración de ferramentas manuais e eléctricas para revisión e preparación de traballos en dependencias museísticas. RINXELA FERRETERÍA, S.L.U. RCM 74088. | 17/09/18 | 1.530,21 € |
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2236/341. Subministración de materiais funxibles para dependencias museísticas. FERRETERÍA ITURMENDI, S.L. RCM 78531. | 03/10/18 | 2.439,08 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **SERVIZO MUSEOS (341)** | Expte. 2211/341. Liña de Vida Casa das Artes. GAMESYSTEM ESPAÑA, S.A. RCM 74089. | 17/09/18 | 4.809,53 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6408/337. Obras de reparación e impermeabilización de cubertas e fachada do Pazo de Castrelos. ECOGALAICO INNOVACIÓN S.L. RCM 60166. | 12/07/18 | 11.295,05 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6424/337. Contrato privado de gasto menor de seguro da exposición "Catálogo de 1937". Hiscox Europe Underwriting LTDA. Suc. En España. RCM 60993. | 17/07/18 | 1.229,59 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6409/337. Contratación de actuación musical do grupo "PROXECTO VERMEER" co gallo da Noite Branca 2018. SIRGO TORCENDO S.L. RCM 58807. | 06/07/18 | 1.633,50 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6392/337. Fotografado das obras e pezas que conforman a exposición "Catálogo de 1937. A colección de arte rexional na creación do Museo Municipal de Vigo". FERNANDO PÉREZ IGLESIAS. RCM 56769. | 04/07/18 | 1.179,75 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6415/337. Produción e instalación dunha lona publicitaria da Pinacoteca Francisco Fernández del Riego na Casa Galega da Cultura. DESOÑOS, S.L. RCM 60167. | 12/07/18 | 808,28 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6420/337. Contrato menor de producción de material gráfico da exposición "Catálogo de 1937". GRÁFICAS EZPONDA. RCM 60992. | 17/07/18 | 6.267,80 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6421/337. Contratación da rotulación da exposición "Catálogo de 1937". DOSS DE ROTULACION, S.L. RCM 60644. | 13/07/18 | 1.179,75 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6432/337. Contrato de servizo para realización de informes de conservación de obras en préstamo temporal. DOLORES ALVAREZ REY. RCM 67953, | 24/08/18 | 1.815,00 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6447/337. Servizo de limpeza de canalóns do Pazo de Castrelos- Museo Municipal Quiñones de León. JOSÉ MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ. RCM 71407. | 12/09/18 | 919,60 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6416/337. Memoria valorada correspondente a traballos de reparación do pavimento de madeira da escaleira e das portas de acceso á zona de | 17/09/18 | 4.800,00 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | arqueoloxía do Pazo Museo Quiñones de León. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. RCM 74090. | | |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6494/337. Contratación dun servizo de reparación do sistema eléctrico de iluminación do Museo Municipal Quiñones de León. JOSÉ MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ. RCM 82645. | 23/10/18 | 1.269,48 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6485/337. Contrato de servizos de elaboración de informe de valor económico do conxunto de obras do pintor Virxilio Fernández Cañedo. Consultarte & Restaurarte S.L. RCM 81671. | 18/10/18 | 2.783,00 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6498/337. Contrato para a elaboración de informe sobre pinturas murais orixinais das paredes do salón dourado do Museo Municipal "Quiñones de León". BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L. RCM 85147. | 29/10/18 | 1.421,75 € |
| **MUSEO QUIÑONES (337)** | Expte. 6496/337. Contrato de servizos de inventariado de materiais arqueolóxicos de procedencia salmantina "Colección García de la Villa". DATA GESTIÓN CULTURAL, S.L. RCM 85146. | 29/10/18 | 605,00 € |

**<u>Acordo</u>**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**11(1456).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA NOS MESES DE MAIO A NOVEMBRO DE 2018. EXPTE. 2375/330.**

Dáse conta do informe-proposta do 10/12/18, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, dende MAIO ata NOVEMBRO de 2018.

SERVIZO: Área de Cultura

| Nº EXP. | CONCEPTO | ADXUDICATARIO-CIF/NIF | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 1923/330 | CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN ÍNTEGRA DO FESTIVAL VIGO DANZA 2018 | 77002313S - MARÍA LORENA LÓPEZ FERNÁNDEZ | 17.654,10 € |
| 1924/330 | CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓNS PARCIAIS NA CUBERTA DA CASA GALEGA DA CULTURA | B36769883 - SITO Y FERNANDEZ, S.L. | 3.029,84 € |
| 1937/330 | CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DA COMUNICACIÓN ONLINE E OFFLINE DO FESTIVAL DE JAZZ IMAXINASONS 2018 | 36123425Q - ARANCHA VILAS PÉREZ | 3.630,00 € |
| 1988/330 | CONTRATACIÓN DE SEIS CONCERTOS (WILFRIED WILDE QUINTET, PABLO CASTAÑO QUARTET, MAX GÓMEZ QUARTET, DANI FONT QUARTET, FERNANDO SÁNCHEZ QUARTET E JUYMA ESTÉVEZ TRÍO) PARA O FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ IMAXINASONS 2018 | F27843200 - MUSICOS AO VIVO SOCIEDADE COOPERA | 6.473,50 € |
| 1990/330 | CONTRATACIÓN DUN CONCERTO DE MANUEL GUTIÉRREZ TRÍO, O SÁBADO 30 DE XUÑO DE 2018 ÁS 22,30 HORAS, NA RÚA LONDRES, DENTRO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ IMAXINASONS'18 | 44842143D - INÉS PORTELA BARREIRO | 2.420,00 € |
| 1992/330 | CONTRATACIÓN DE DOUS CONCERTOS, UN DE KENNY GARRET O 30 DE XUÑO E OUTRO DE CHARENEE WADE O 1 DE XULLO, DENTRO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ IMAXINASON | B87552360 - ACL BOOKING S.L. | 14.520,00 € |
| 1993/330 | CONTRATACIÓN DUNHA ACTUACIÓN DA BIG BANG BAND DE NAVIA, O SÁBADO 30 DE XUÑO, ÁS 18,30 HORAS, NA PRAZA DA PRINCESA, DENTRO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ IMAXINASONS | G36648608 - ASOCIACIÓN VECIÑAL EMILIO CRESPO | Presupuesto: 1.000,00 € |
| 1994/330 | CONTRATACIÓN DE DOUS CONCERTOS DE SOWETO KINCH TRÍO E SCOTT, HIRSHFIELD & DREWES, DENTRO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ IMAXINASONS 2018 | B15793433 - LUZ PUNTUAL S.L. | 14.244,02 € |
| 1995/330 | ASISTENCIA TÉCNICA PARA TRABALLOS DE XESTIÓN TÉCNICA E COORDINACIÓN DE ARTISTAS E PRODUCIÓN NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ IMAXINASONS 2018 | 76368729N - MANUELA CONCHEIRO VILASECO | 3.025,00 € |
| 1996/330 | CONTRATACIÓN DUNHA ACTUACIÓN DA ESCOLA DE SWING MAYEUSWING, O DOMINGO 1 DE XULLO, ÁS 18,30 HORAS, NA PRAZA DA PRINCESA, DENTRO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ IMAXINASONS 2018 | G36842490 - FUNDACIÓN MAYEUSIS | 160,00 € |

| Nº EXP. | CONCEPTO | ADXUDICATARIO-CIF/NIF | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 1998/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REPARACIÓN DE ELEMENTOS DO EQUIPAMENTO DE AUDIO E SON DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO | B36603363 - SPICA, S.L. | 3.967,59 € |
| 1999/330 | CONTRATACIÓN DE DOUS CONCERTOS DE SOWETO KINCH TRÍO E SCOTT, HIRSHFIELD & DREWES, DENTRO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ IMAXINASONS 2018 | B15793433 - LUZ PUNTUAL, S.L. | 17.460,55 € |
| 2010/330 | CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TÉCNICA PARA O FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO 2018 | F70527270 - MIRAXE SOCIEDADE COOPERATIVA GALE | 10.454,40 € |
| 2011/330 | CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "ALQUIMIA" DO MAGO TETO, O DOMINGO 11 DE NOVEMBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | 34997925K - HÉCTOR GARCÍA GUERRA | 1.599,99 € |
| 2014/330 | CONTRATACIÓN DUN CONCERTO DE JORGE ROSSY & JAVIER VERCHER QUINTET O MÉRCORES 4 DE XULLO ÁS 20,30 NO AUDITORIO MARTÍN CÓDAX DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ 2018 | B98646987 - PANNONICA VINTAGE DELUXE S.L. | 5.445,00 € |
| 2015/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PRODUCIÓN PARA OS CONCERTOS DE CORAIS PROGRAMADOS NO VERBUM-CASA DAS PALABRAS | F70527270 - MIRAXE, S. COOP. GALEGA | 3.668,48 € |
| 2016/330 | CONTRATACIÓN DO ALUGER DE BACKLINE PARA OS CONCERTOS QUE SE REALIZARÁN DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO 2018 | B15980097 - VACALINE S.L. | 9.249,24 € |
| 2017/330 | CONTRATACIÓN DE VOOS, ALONXAMENTO, MANUTENCIÓN E TRANSPORTES INTERNOS DOS ARTISTAS DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO 2018 | A36114726 - VIAJES AIRBUS GALICIA S.A. | 1.1098,40 € |
| 2018/330 | CONTRATACIÓN DUNHA ACTUACIÓN DE ALLEY STOMPERS O 1 DE XULLO DE 2018 NO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO 2018 | 76417731R - ÓSCAR PRIETO SANMARTÍN | 968,00 € |
| 2019/330 | CONTRATACIÓN DUN CONCERTO DO GRUPO FONOGENIA O DÍA 2 DE XULLO DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO 2018 | B55029177 - MUSTRAMIT S.L. | 544,50 € |
| 2020/330 | CONTRATACIÓN DUN CONCERTO DE SWING ON O DOMINGO 1 DE XULLO, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO 2018 | G94139417 - O ALMACÉN CULTURAL | 193,60 € |

| Nº EXP. | CONCEPTO | ADXUDICATARIO-CIF/NIF | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 2021/330 | CONTRATACIÓN DUNHA ACTUACIÓN DO GRUPO 155 O 2 DE XULLO DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO 2018 | 36110702N - DAVID SANTOS DOMÍNGUEZ | 1.089,00 € |
| 2022/330 | CONTRATACIÓN DOS EQUIPOS DE SON PARA OS CONCERTOS DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO 2018 | A15422892 - KACHET LOXÍSTICA S.A. | 9.922,00 € |
| 2025/330 | CONTRATACIÓN DE DOUS CONCERTOS E DÚAS MASTERCLASS DE KURT ROSENWINKEL CAIPI BAND, VIRXILIO DA SILVA TRÍO E MASTERCLASSES DE GLENN ZALESKI, OS DÍAS 2 E 3 DE XULLO, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO | B36743755 - PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L | 17.424,00 € |
| 2027/330 | CONTRATACIÓN DUN CONCERTO DE COMANDO RADAR O DÍA 2 DE XULLO DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO 2018 | B43522192 - AGMA S.L. | 2.420,00 € |
| 2028/330 | CONTRATACIÓN DA IMPARTICIÓN DUN OBRADOIRO PARA NENOS E NENAS DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO 2018 | G27729326 - FUNDACIÓN EOMAIA | 500,00 € |
| 2036/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO | F70402490 - NUMAX SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA | 11.903,98 € |
| 2039/330 | CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN TÉCNICA E COORDINACIÓN DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA 2018 | G36659258 - GRUPO ALETHEIA | 1.000,00 € |
| 2055/330 | CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA ORQUESTRA VIGO 430 NA NOITE BRANCA 2018 | G27743475 - ASOCIACION CULTURAL ORQUESTRA VIGO 430 | 6.500,00 € |
| 2082/330 | CONTRATACIÓN DE 3 INTERVENCIÓNS DE RÚA DA COMPAÑÍA DANI GARCÍA OS DÍAS 28 E 29 DE SETEMBRO, ÁS 19, 12 E 20 HORAS RESPECTIVAMENTE, CO ESPECTÁCULO ITINERANTE "DON GELATI" DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA OUTUBRO-NOVEMBRO | F15983067 - CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA | 1.936,00 € |
| 2083/330 | CONTRATACIÓN DE DÚAS FUNCIÓNS DE "THE PRIMITALS" DA COMPAÑÍA YLLANA+PRIMITAL BROS, O VENRES 5 E O SÁBADO 6 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | F15983067 - CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIV | 9.680,00 € |

| Nº EXP. | CONCEPTO | ADXUDICATARIO-CIF/NIF | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 2085/330 | CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "CONCERTO SINGULAR" DA COMPAÑÍA PÍSCORE, O DOMINGO 18 DE NOVEMBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | F15983067 - CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIV | 1.573,00 € |
| 2086/330 | CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "DA AVARICIA, A LUXURIA E A MORTE" DA COMPAÑÍA TEATRO DO NOROESTE, O VENRES 23 DE NOVEMBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | B15353329 - TEATRO DO NOROESTE S.L. | 5.200,00 € |
| 2087/330 | CONTRATACIÓN DE SEIS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS PARA A PROGRAMACIÓN DA NOITE BRANCA 2018 | Adxudicatario: 36142616W - ISAAC GARABATOS MARTINEZ | Presupuesto: 14985,85eur |
| 2088/330 | CONTRATACIÓN DE DÚAS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "A LEITUGA" DA COMPAÑÍA EME2 PRODUCCIÓNS, O VENRES 19 E SÁBADO 20 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | Adxudicatario: B15778236 - EMEDOUS PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN | Presupuesto: 10195.00eur |
| 2089/330 | CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "IBERIAN GANGSTERS" DA COMPAÑÍA TEATRO MERIDIONAL, O VENRES 9 DE NOVEMBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | Adxudicatario: B81348526 - TEATRO MERIDIONAL S.L. | Presupuesto: 5929.00eur |
| 2090/330 | CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "CÁSCARAS VACÍAS" DA COMPAÑÍA LAZONA, O VENRES 26 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | Adxudicatario: B81653917 - LAZONA FILMS S.L. | Presupuesto: 10285.00eur |
| 2095/330 | CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "PATAPATÚM" DA COMPAÑÍA ELEFANTE ELEGANTE, O DOMINGO 21 DE OUTUBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | Adxudicatario: J70223680 - ELEFANTE ELEGANTE S.C. | Presupuesto: 1997.00eur |

| Nº EXP. | CONCEPTO | ADXUDICATARIO-CIF/NIF | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 2098/330 | CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "ROJO ESTÁNDAR" DA COMPAÑÍA LANÖRDIKA, O DOMINGO 4 DE NOVEMBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | Adxudicatario: 75160722B - DARÍO DUMONT SWINKELS | Presupuesto: 2716.00eur |
| 2101/330 | CONTRATACIÓN DO DESEÑO E EDICIÓN DE DOUS VÍDEOS PARA PRESENTACIÓN A MEDIOS E DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS VIGOCULTURA SETEMBRO-NOVEMBRO NA PANTALLA DA ROTONDA DE ROSALÍA DE CASTRO, | Adxudicatario: F70402490 - NUMAX SOCIEDADE COOPERATIVA GALEG | Presupuesto: 998.25eur |
| 2107/330 | CONTRATACIÓN DE DÚAS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "O SERVIDOR DE DOUS AMOS" DA COMPAÑÍA TALÍA TEATRO, O VENRES 12 E O SÁBADO 13 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | Adxudicatario: B70123567 - PRODUCIÓNS TEATRAIS TALÍA S.L. | Presupuesto: 4750.21eur |
| 2108/330 | CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "ROSA CARAMELO E OUTRAS HISTORIAS" DA COMPAÑÍA TALÍA TEATRO, O DOMINGO 14 DE OUTUBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | Adxudicatario: B70123567 - PRODUCIÓNS TEATRAIS TALÍA S.L. | Presupuesto: 1190.00eur |
| 2109/330 | CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "UNA CONFERENCIA BAILADA" DA COMPAÑÍA BDDANSA, O VENRES 2 DE NOVEMBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | Adxudicatario: J65262800 - BDDANSA S.C.P. | Presupuesto: 3630.00eur |
| 2110/330 | CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "FRANKENSTEIN. NO SOY UN MONSTRUO" DA COMPAÑÍA PATA TEATRO, O DOMINGO 25 DE NOVEMBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | Adxudicatario: B92800374 - PATA TEATRO S.L. | Presupuesto: 2904.00eur |
| 2111/330 | CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "ALQUIMIA" DO MAGO TETO, O DOMINGO 11 DE NOVEMBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | Adxudicatario: 34997925K - HÉCTOR GARCÍA GUERRA | Presupuesto: 1599.99eur |
| 2115/330 | CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DA COMUNICACIÓN EN REDES SOCIAIS PARA A PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS VIGOCULTURA | Adxudicatario: 36123425Q - ARANCHA VILAS PÉREZ | Presupuesto: 3630.00eur |

| Nº EXP. | CONCEPTO | ADXUDICATARIO-CIF/NIF | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 2119/330 | CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "BB CIRCUS" DA COMPAÑÍA ASACOCIRCO, O DOMINGO 28 DE OUTUBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | Adxudicatario: 36166266P - MIRIAM CRESPO GÓMEZ | Presupuesto: 2250.00eur |
| 2126/330 | CONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE "OS TRES TEMPOS" A REALIZAR NO VERBUM CON MOTIVO DA NOITE BRANCA 2018 | Adxudicatario: 36155152A - SILVIA RODRIGUEZ PENA | Presupuesto: 13612,50eur |
| 2129/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PRODUCIÓN TÉCNICA DOS CONCERTOS PREVISTOS EN CASTRELOS E VERBUM CON MOTIVO DA NOITE BRANCA 2018 | Adxudicatario: F70527270 - MIRAXE, S. COOP. GALEGA | Presupuesto: 2870,36eur |
| 2133/330 | CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A ACTIVIDADE ?OS TRES TEMPOS? PREVISTA NO VERBUM CON MOTIVO DA NOITE BRANCA 2018 | Adxudicatario: B94081353 - 2. CAL BAIXO MIÑO CONSTRUCCIONES | Presupuesto: 8170,13eur |
| 2134/330 | CONTRATACIÓN DE EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN E DE CATERIN PARA A ACTIVIDADE ?OS TRES TEMPOS? PREVISTA NO VERBUM CON MOTIVO DA NOITE BRANCA 2018 | Adxudicatario: B87037883 - FLUGE GALICIA SL | Presupuesto: 5555,84eur |
| 2174/330 | CONTRATACIÓN DUNHA ACTUACIÓN DE "A TROPA DO DOUTOR MILAGRE" NA PRAZA DO REI, O XOVES 13 DE SETEMBRO, ÁS 11 HORAS, CON MOTIVO DA ROLDA DE PRENSA DE PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA | Adxudicatario: 36061864A - JUAN MANUEL ABREU FERNÁNDEZ | Presupuesto: 1815,00eur |
| 2186/330 | CONTRATACIÓN DA PRODUCIÓN TÉCNICA DOS ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS DENTRO DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS VIGOCULTURA QUE TERÁN LUGAR NO AUDITORIO DO CONCELLO ENTRE SETEMBRO E NOVEMBRO 2018 | Adxudicatario: B27862135 - SOLIMUSIC PRODUCCIONES S.L. | Presupuesto: 10943,52eur |
| 2244/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REPARACIÓN DE BALIZAS EXTERIORES DO VERBUM-CASA DAS PALABRAS | Adxudicatario: B36777647 - GALLEGA DE ELECTRICIDAD VIGO, S.L | Presupuesto: 4552,02eur |
| 2236/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COORDINACIÓN E PRODUCIÓN TÉCNICA DAS XXV XORNADAS DE FILOSOFÍA | Adxudicatario: B36743755 - PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL | Presupuesto: 14592,60eur |
| 2237/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE GRAVACIÓN EN STREAMING DAS XXV XORNADAS DE FILOSOFÍA | Adxudicatario: B36965523 - ARTE FOCAL S.L. | Presupuesto: 5929,00eur |
| 2238/330 | CONTRATACIÓN DOS VIAXES E ALOXAMENTOS DOS POÑENTES DAS XXV XORNADAS DE FILOSOFÍA | Adxudicatario: B36701514 - VIAJES LIRA S.L. | Presupuesto: 3404,83eur |

| Nº EXP. | CONCEPTO | ADXUDICATARIO-CIF/NIF | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 2239/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROXECCIÓN PARA AS XXV XORNADAS DE FILOSOFÍA | Adxudicatario: B27704980 - SACAFERRO SL | Presupuesto: 2637,80eur |
| 2256/330 | CONTRATACIÓN DO DESEÑO DA IMAXE E APLICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA 2019 E PRODUCIÓN DAS APLICACIÓNS PARA A PROGRAMACIÓN DO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2019 | Adxudicatario: B36620151 - PUBLIGAL S.L. | Presupuesto: 7925,50eur |
| 2335/330 | CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MADEIRA PARA REPARACIÓN DA TARIMA FLOTANTE DA TERRAZA DO VERBUM | Adxudicatario: B36616548 - MADERAS DEL NOROESTE DE ESPAÑA, S | Presupuesto: 4643,71eur |
| 2340/330 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASESORAMENTO PARA REDACCIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA A LICITACIÓN DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO | Adxudicatario: B27802214 - INTO GALICIA CONSULTING SL | Presupuesto: 3630,00eur |
| 15861/331 | CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE LÁMPADAS PARA AS BIBLIOTECAS PÚBLICAS | Adxudicatario: A15051089 - KILOVATIO GALICIA, S.A.U. | Presupuesto: 1471.61eur |
| 15862/331 | CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE APLIQUES LUCES DE EMERXENCIA PARA BIBLIOTECA JUAN COMPAÑEL | Adxudicatario: B36796829 - ORVILUX ELECTRICIDAD, S.L. | Presupuesto: 954.91eur |
| 15867/331 | CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DO EQUIPO DE CLIMATIZACIÓN DA CASA GALEGA DA CULTURA | Adxudicatario: A15208408 - VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. | Presupuesto: 1044.47eur |
| 15890/331 | SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS DO SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL XOSÉ NEIRA VILAS | Adxudicatario: A15208408 - VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U. | Presupuesto: 1680,23eur |
| 15909/331 | CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E SUBSTITUCIÓN DE ELEMENTOS DA BOMBA DE CALOR DO SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN DA BIBLIOTECA XOSÉ NEIRA VILAS COMO CONSECUENCIA DE AVARÍA | Adxudicatario: A15208408 - VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. | Presupuesto: 2641,89eur |

## <u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local queda informada.

**12(1457).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTOS DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS E ACTIVIDADES DA REDE MUSEÍSTICA E EXPOSITIVA. EXPTE.2292/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/11/18 e o informe xurídico de data 04/12/18, dáse conta do informe-proposta de 14/11/18, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-.delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 18 de agosto de 2014 asinouse o contrato de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede museística e expositiva (expte 457/341) entre o Concello de Vigo e a UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL E SERVIZOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL, CIF U70420203; que fora adxudicado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria do 23 de xuño de 2014; os pregos de cláusulas técnicas (PPT) e administrativas (PCAP) que rexen para este contrato, e forman parte del, foran aprobados pola Xunta de Goberno Local do 13 de setembro de 2013.

O prazo do contrato é de tres anos, prorrogable por un máximo de tres anualidades, contados dende o 1 de setembro de 2014 e o prezo é de 1.663.328,72 € (un millón seiscentos sesenta e tres mil trescentos vinte e oito mil euros, con setenta e dous céntimos), IVE incluído. Actualmente está en vigor a terceira prórroga anual para o período 1 de setembro 2018 a 31 de agosto de 2019.

Os prezos unitarios de licitación, que figuran no apartado 3.F da Folla de Especificacións do Contrato (FEC) do PCAP, para os servizos de vixilancia de seguridade foron os seguintes:

Laborable Diurna.- 17,25 €, sen IVE / 20,87 €, con IVE

Festiva Diurna.- 18,49 €, sen IVE / 22,37 €, con IVE

Laborable Nocturna.- 18,80 €, sen IVE / 22,75 €, con IVE

Festiva Nocturna.- 20,04 €, sen IVE / 24,25 €, con IVE

E os importes de licitación anual para o mantemento de sistemas de seguridade ascendían a: 20.228,20 € anuais, sen IVE, ou 24.476,12 €/anuais, con IVE.

De acordo coa oferta da empresa adxudicataria UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL E SERVIZOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL e o acordo da XGL de adxudicación (23 de xuño de 2014) produciuse unha baixa do 7,06 % proporcional única para os servizos unitarios dos servizos de vixilancia e o prezo anual do servizo de mantemento.

Os prezos unitarios de adxudicación, unha vez aplicada a baixa ofertada, para os servizos de vixilancia de seguridade foron os seguintes:

Laborable Diurna.- 16,03 €, sen IVE / 19,40 €, con IVE

Festiva Diurna.- 17,18 €, sen IVE / 20,79 €, con IVE

Laborable Nocturna.- 17,47 €, sen IVE / 21,14 €, con IVE

Festiva Nocturna.- 18,63 €, sen IVE / 22,54 €, con IVE

E os importes de adxudicación anual para o mantemento de sistemas de seguridade foron a: 18.800,09 €/anuais, sen IVE, ou 22.748,11 €/anuais, con IVE.

REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

A cláusula 30 do PCAP sobre "REVISIÓN DE PREZOS" establece:

"1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ó responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

2.- O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación."

A cláusula 3.J da FEC que dí: "Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe, e recollerá o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade."

ANTERIORES REVISIÓNS DE PREZOS DO CONTRATO.-

De acordo co establecido no apartado 3.J da FEC realizáronse tres revisións de prezos do contrato aprobadas pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións ordinarias do 8 de abril de 2016, 4 de maio de 2017 e 14 de decembro de 2017.

Data de adxudicación do contrato.- 23 de xuño de 2014.

Data de sinatura do contrato.- 18 de agosto de 2014. Data da primeira revisión.- 19 de agosto de 2015 (un ano dende a formalización do contrato).

Período de aplicación da primeira revisión de prezos.- Dende o 19 de agosto de 2015 ata o 18 de agosto de 2016 (-0,05 %). Período de aplicación da segunda revisión.- Dende o 19 de agosto de 2016 ata o 18 de agosto de 2017 (-0,05 %). Período de aplicación da terceira revisión.- Dende o 19 de agosto de 2017 ata o 18 de agosto de 2018 (+0,8 %).

CUARTA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

Considerando que a cláusula 3.J das FEC establece que procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, haberá que entender que os novos períodos de revisión tamén serán por anualidades dende a última data á que se lle aplican os prezos de cada período.

Período da cuarta revisión do prezo do contrato.-

O período de aplicación da cuarta revisión do prezo do contrato sería dende o 19 de agosto de 2018 ata o 18 de agosto de 2019.

Fórmula para a revisión.- A mesma que establece a claúsula antes citada para a primeira revisión: o 50% da variación do IPC nacional.

Importe da variación do prezo.-

A variación do IPC nacional entre o período agosto 2017 e agosto de 2018 é de +2,2 % (dous punto con dúas décimas); polo que a variación do prezo do contrato a aplicar é de +1,1% (un punto e unha décimas de punto), que supón o 50% da variación do IPC no período correspondente.

PREZOS DA CUARTA REVISIÓN DO CONTRATO.-

Os prezos unitarios derivados da aplicación da cuarta revisión de prezos, para os servizos de vixilancia de seguridade son os seguintes:

Laborable Diurna.- 16,14 €+0,17754=16,32 €, sen IVE / 19,75 € con IVE.

Festiva Diurna.- 17,30 €+0,1903=17,49 €, sen IVE / 21,16 con IVE.

Laborable Nocturna.- 17,59 €+0,19349=17,78 €, sen IVE / 21,51 con IVE.

Festiva Nocturna.- 18,76 €+0,20636=18,97 €, sen IVE / 22,95 con IVE.

E os importes anuais derivados da aplicación da cuarta revisión de prezos, para o mantemento de sistemas de seguridade son: 18.931,54 €+208,24694= 19.139,79 €, sen IVE, ou 23.159,14 €, con IVE; anual. (Mantemento trimestral: 4.784,95 € sen IVE/ 5.789,79 con IVE).

IMPORTE A REGULARIZAR COA CUARTA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

Coa cuarta revisión dos prezos do contrato compre, por parte da empresa adxudicataria, regularizar os importes xa facturados entre o período 19 de agosto de 2018 e 31 de outubro de 2018, que serían os seguintes:

Período 1 de setembro-31 de outubro de 2018.- Facturado: 72.431,12 €, sin IVE / 87.641,65 € con IVE.

Período 19 ao 31 de agosto de 2018.- Importe: 15.097,33 €, sen IVE / 18.267,77 € con IVE, (total facturado mes de agosto 2018: 36.027,23 € / 43.592,95 €, con IVE)

Total facturación de servizos do 19 de agosto 2018 a 31 de outubro de 2018.- 87.520,38 €, sen IVE / 105.899,66 € con IVE.

Importe a regularizar.- 87.520,38 €+1,1%= + 962,72 € máis IVE; total + 1.164,89 € co IVE incluído a incluír na primeira factura emitida despois da notificación do acordo.

Polo exposto, coa conformidade co Xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o informe da Intervención Xeral faise á seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**:

1.- Que se aproben os novos prezos unitarios, derivados da cuarta revisión, do contrato de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede museística e expositiva (expte 457/341), subscrito entre o Concello de Vigo e a UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL E SERVIZOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL, CIF U70420203; de acordo co establecido na cláusula 30 do

PCAP sobre "REVISIÓN DE PREZOS" e o apartado 3.J da FEC correspondentes ao período 19 de agosto de 2018 ata o 18 de agosto de 2019.

Data de adxudicación do contrato.- 23 de xuño de 2014.

Data de sinatura do contrato.- 18 de agosto de 2014. Data da primeira revisión.- 19 de agosto de 2015 (un ano dende a formalización do contrato).

Período de aplicación da primeira revisión de prezos.- Dende o 19 de agosto de 2015 ata o 18 de agosto de 2016 (-0,05 %). Período de aplicación da segunda revisión.- Dende o 19 de agosto de 2016 ata o 18 de agosto de 2017 -0,05 %). Período de aplicación da terceira revisión.- Dende o 19 de agosto de 2017 ata o 18 de agosto de 2018 (+0,8 %).

Fórmula para a revisión.- A mesma que establece a cláusula antes citada para a primeira revisión: o 50% da variación do IPC nacional.

Importe da variación do prezo.-

A variación do IPC nacional entre o período agosto 2017 e agosto de 2018 é de +2,2 % (dous puntos e dúas décimas); polo que a variación do prezo do contrato a aplicar é de +1,1% (un punto e unha décimas de punto), que supón o 50% da variación do IPC no período correspondente.

Os prezos unitarios derivados da aplicación da cuarta revisión de prezos, para os servizos de vixilancia de seguridade son os seguintes:

Laborable Diurna.- 16,14 €+0,17754=16,32 €, sen IVE / 19,75 € con IVE.

Festiva Diurna.- 17,30 €+0,1903=17,49 €, sen IVE / 21,16 con IVE.

Laborable Nocturna.- 17,59 €+0,19349=17,78 €, sen IVE / 21,51 con IVE.

Festiva Nocturna.- 18,76 €+0,20636=18,97 €, sen IVE / 22,95 con IVE.

E os importes anuais derivados da aplicación da cuarta revisión de prezos, para o mantemento de sistemas de seguridade son: 18.931,54 €+208,24694= 19.139,79 €, sen IVE, ou 23.159,14 €, con IVE; anual. (Mantemento trimestral: 4.784,95 € sen IVE/ 5.789,79 con IVE).

2.- Que a regularización de prezos para o período 19 de agosto de 2018 ao 31 de outubro de 2018, por un importe + 962,72 € máis IVE (total +1.164,89 €, co IVE incluído) se realice na primeira factura que emita a empresa adxudicataria unha vez que lle sexa notificado este acordo.

3.- Que a partir da notificación do acordo da aprobación de novos prezos a empresa adxudicataria facture a prezos actualizados sinalados no punto 1.- deste acordo e complete a regularización si quedase algún período pendente.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(1458).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O SEGUNDO TTE. ALCALDE, (RA 10/12/18)
Francisco Javier Pardo Espiñeira